

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

15

O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

[+Info](#)

AXENDA

FEBREIRO

Coidar do noso

L	M	MÉ	X	V	S	D
			1	2	3	4 Día Interna- cional da Fraterni- dade Hu- mana
5	6 Día Interna- cional de To- lerancia Cero coa Mutila- ción Xenital Feminina	7	8	9	10 Día Interna- cional dos Le- gumes	11 Día Interna- cional da Muller e da nena na Ciencia
12	13 Día Mundial da Radio	14	15 Fin do prazo para partici- par no volun- tariado Axen- tes do Cambio	16	17	18
19	20 Día Mundial da Xustiza Social	21 Día Interna- cional da Lingua Ma- terna	22	23	24	25
26	27	28	29			

CHAVES DESTE NÚMERO

A crise dos microplásticos nas costas galegas

O litoral galego está en perigo ante a aparición de toneladas de microplásticos nas praias. Os contaminantes apareceron inicialmente nas praias de Noia, Muros e do Barbanza tras a suposta caída ao mar galego dun contedor dun buque que transportaba *pellets* de plástico inferiores a 5 milímetros para a fabricación de produtos plásticos en procesos industriais.

Malia a que a primeira alerta pública sobre a aparición destes residuos nas costas galegas tivo lugar o pasado 15 de decembro, ata o momento a acción institucional foi escasa e son moitas as persoas voluntarias que se están encargando de retirar estes contaminantes pola súa conta. Supoñen efectos daniño para as costas e toda a súa biodiversidade e, se non se desbotan, poderían acabar formando parte da nosa cadea trófica ou alimentaria ao seren ingeridos pola fauna mariña. Ecotox, un equipo de investigación en Ecotoxicoloxía e Contaminación Mariña da Universidade de Vigo, publicou unha achega na que determina que os pellets están formados por un polímero non biodegradábel con dous compoñentes: un antioxidante fenólico con toxicidade

acuática crónica nivel 3 (nunha escala de 1 a 4 onde 1 é a máis alta) e un antioxidante organofosforado.

Cada día aparecen máis e coas adversidades meteorolóxicas a labor non está sendo doada. As ONGDs e os concellos fan un chamamento ás institucións e agradecen a acción cidadá solidaria que está a verse nas zonas afectadas.



CONVOCATORIAS

Coordinación de proxecto AECID en Mauritania. A organización Medicus Mundi busca un perfil profesional para a coordinación do proxecto AECID en Mauritania para o fortalecemento do sistema público de saúde, para a atención integral ás violencias baseadas no xénero e a cobertura sanitaria universal. As candidaturas poden presentarse ata o 31 de xaneiro enviando un correo a proyectos-sur@medicusmundi.es. [+Info](#)

Convocatoria PERTE da Economía Social e dos Coidados 2024-2025. O Ministerio de Traballo e Economía Social lanza unha convocatoria de axudas para promover iniciativas que favorezan a economía social en España. O PERTE (Plan Integral de Impulso da Economía Social) da Economía Social e dos Coidados é un proxecto estratéxico orientado a impulsar a economía social e que reúne a entidades concienciadas co medio ambiente e coa igualdade de xénero, que traballan no ámbito do social e da diversidade e que promoven o emprego. A convocatoria está dotada con máis de 80 millóns de euros e inclúe 5 programas de investimento con diferentes plans de acción para que as empresas e organizacións interesadas presenten os seus proxectos. O prazo de presentación de solicitudes é o 11 de febreiro de 2024. [+Info](#)

FORMACIÓN

Curso do IECAH de Xestión da seguridade na acción humanitaria. O Instituto de Estudos sobre Conflictos y Acción Humanitaria oferta este curso virtual para proporcionar unha introdución detallada aos avances e desafíos da protección humanitaria. Aborda, entre outros temas, o enfoque de risco, a determinación de necesidades en protección dunha poboación determinada; e unha introdución ao deseño de proxectos de protección e á avaliación dos mesmos. As inscricións están abertas durante o mes de febreiro e o curso impartirase do 4 ao 24 de marzo. [+Info](#)

EVENTOS

Encontro cos Grupos de Desenvolvemento Rural no marco do proxecto EC4RURAL. EC4RURAL é un proxecto europeo coordinado pola Universidade de Vigo, en asociación con outras 10 entidades europeas, destinado a impulsar comunidades enerxéticas en 22 concellos galegos. O seu fin é fomentar o desenvolvemento sostible do rural galego e implicar á cidadanía na transición enerxética. O martes 6 de febreiro os Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia danse cita na sede da FEGAMP, en Santiago de Compostela, para coñecer en maior detalle



os obxectivos. Este encontro ten como fin dar a coñecer iniciativas que se están a promover e desenvolver neste marco e debater sobre as sinerxías que se poden xerar entre o labor dos GDR e EC4RURAL. As persoas interesadas en participar deben confirmar a súa asistencia cumprimentando [este formulario](#).

Mesa redonda "Hábitat, auga e saneamento". O vindeiro 8 de febreiro terá lugar na Escola de Camiños da Coruña, de 12:45 a 14:30, unha mesa redonda sobre a importancia vital da auga e do seu saneamento. A xuntanza está organizada por Enxeñaría Sen Fronteiras.

VOLUNTARIADO

Aberto o prazo de inscrición para realizar o voluntariado propio da UVigo "Axenda 2030_Axentes do Cambio".



**OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE**

O obxectivo principal deste programa é dar a coñecer a Axenda 2030 os seus ODS entre a comunidade Universitaria e promover accións de cara a consecución de un desenvolvemento sostible..

Inscricións: Ate o día 15 de febreiro de 2024.

Data de comezo: 19 de febreiro de 2024.

Recoñecerase 1ECTS por cada 30 horas de dedicación ao voluntariado.

[Máis información e inscrición](#)

Aberto o prazo de inscrición para realizar o voluntariado internacional de Coñecemento doutras Realidades en Honduras con Enxeñaría Sen Fronteiras.

Enxeñaría sen Fronteiras informa de que está aberto o prazo para solicitar as 3 prazas do seu Programa de Voluntariado Internacional de Coñecemento doutras Realidades en Honduras. Dende a asociación valoran especialmente os perfíles da comunidade universitaria tecnolóxica galega.

[Aquí](#) podes consultar as bases. O prazo de solicitudes está aberto até o 15 de febreiro inclusive.



Limpezas formativas de voluntariado para a retirada de pellets das praias galegas.

A asociación ecoloxista ADEGA convoca á poboación galega a participar en xornadas de formación para a limpeza da marea de pellets de microplástico procedentes que asola a costa galega. As saídas convocadas por ADEGA estarán orientadas especialmente a formar a persoas voluntarias que queiran exercer labores de coordinación de grupos ou persoas que acudan aos areais para eliminar voluntariamente pellets de



microplásticos, así como outro tipo de residuos que se atopan habitualmente nos nosos areais. Para futuras convocatorias, as persoas interesadas poden preinscribirse a través [desta ligazón](#). ADEGA chama a aproveitar esta alerta medioambiental para tomar conciencia real sobre a gran problemática do lixo mariño e dos graves impactos xerados polo comercio marítimo e polo actual sistema de consumo. Con tal finalidade, dotarase ao voluntariado dun protocolo de limpeza do lixo mariño, con especificacións concretas para a retirada axeitada de microplástico das praias. Pode accederse ao protocolo completo [nesta ligazón](#).

PUBLICACIONES

O novo informe de Greenpeace e OGACLI mostra a dependencia galega de enerxía fósil. Accede ao informe completo [aquí](#).

O informe da Economía Social En Galicia 2022 determina que a economía social en Galicia emprega a cerca de 20.000 persoas de forma directa. Accede ao informe completo [aquí](#).

NOVAS DO DUVI

A EE Forestal lidera un proxecto dirixido a identificar zonas clave na prevención dos grandes incendios [+Info](#)

Xavier Labandeira, novo secretario xeral do Policy Outreach Committee [+Info](#)

Socios de seis países lanzan en Vigo un proxecto europeo dirixido a multiplicar as iniciativas locais de promoción dos ODS [+Info](#)

Investigadores do CIM-UVigo regresan á Antártida para avaliar o efecto da radiación solar e da temperatura sobre as macroalgas [+Info](#)

A UVigo publica en acceso aberto por riba da media das universidades españolas e da media europea [+Info](#)

Dous alumnos da UVigo, premiados nun concurso de vídeos dirixido a concienciar sobre os ODS [+Info](#)

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

Nós Mesmas é unha organización feminista que nace en 2008 da man dun grupo de mozas e co obxectivo de aportar ideas e accións para erradicar a discriminación existente contra o colectivo LGTBI, e sobre todo, as mulleres lesbianas, bisexuais e transexuais en Galicia e no mundo. Deste xeito, levan a cabo accións sociais e actividades de xuntanza para que as mulleres se poidan sentir seguras nestes espazos e para promover a creación dunha rede de persoas concienciadas.



Entre as actividades que organizan está a celebración do Orgullo en Vigo; xornadas de tratamento da diversidade afectiva, sexual e de xénero nas aulas; servizos integrais de atención, orientación e asesoramento para as persoas trans; obradoiros de artísticos e de concienciación... Mais tamén levan a cabo unha importante labor de sensibilización e visibilidade a través das redes e do seu podcast *Constuíndo Cara o Queer*.

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)